



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES  
SECCION DE EDUCACION E CULTURA

Expediente convocatoria: 2024000000066

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DO VIII PREMIO “BEGOÑA CAAMAÑO” Á ACCIÓN CULTURAL POLA IGUALDADE DE XÉNERO

**Don XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver a acta da reunión do xurado do VIII Premio “Begoña Caamaño” á acción cultural pola igualdade de xénero, e vistos os informes da Sección de Educación e Cultura e do Servizo de Fiscalización

### RESOLVO:

**Primeiro.-** De conformidade coa proposta do xurado, conceder o Premio *VIII Premio “Begoña Caamaño” á acción cultural pola igualdade de xénero*, por importe de 6.500,00 € en cada unha das modalidades, ás seguintes persoas e entidades:

#### Premio á traxectoria

Persoa premiada: **María Encarnación Otero Cepeda**

NIF: \*\*\*9686\*\*

Expediente de pago: 2024000029562

Proposta por Lucía Canoura, membro do xurado, de acordo coa base primeira da convocatoria

#### Premio á iniciativa

Entidade premiada: **Asociación andar cos tempos**

NIF: G13714050

Expediente de pago: 2024000029563

Proposta pola Asociación cultural a Gentalha do Pichel e a Asociación Itaca, de acordo coa base primeira da convocatoria

**Segundo.-** Imputar a concesión dos premios, por importe total de 13.000,00€, á partida 0612/3341/481, fase A, operación 220240009785 do vixente Orzamento.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso de reposición ante esta Deputación no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó de notificación da presente resolución, ou de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó de notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime pertinente.